

## PROTOCOLO

### PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES EN 2016

ENTRE

EL CONSELHO ECONÓMICO E SOCIAL DE PORTUGAL,

EL CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL DE ESPAÑA,

EL CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL DE ANDALUCÍA,

EL CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL DE CASTILLA Y LEÓN,

EL CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL DE EXTREMADURA

Y

O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

En Mérida, a 2 de xuño de 2016

## REUNIDOS



D. LUÍS FILIPE PEREIRA, Presidente do Consello Económico e Social de Portugal, designado para o cargo pola Resolución da Asemblea da República n.º 53/2015, publicada no Diario da república, 1.ª serie, n. 98, 21 de maio de 2015;



D. MARCOS PEÑA PINTO, Presidente do Consejo Económico y Social de España, nomeado por Real Decreto 1398/2010, do 29 de outubro (BOE nº 263, do 30 de outubro de 2010), en nome e representación do mesmo, e en uso das competencias atribuídas polo artigo 8.1 a) da Lei 21/1991, do 17 de xuño, de creación do Consejo Económico y Social (BOE de 18 de xuño de 1991);



D. ÁNGEL J. GALLEGO MORALES, Presidente do Consejo Económico y Social de Andalucía, nomeado por Decreto 510/2012, do 6 de novembro (BOJA núm. 220 do 9 de novembro de 2012), en nome e representación do mesmo, e en uso das competencias atribuídas polo artigo 8 da Orde do 5 de xuño de 2013, pola que se delegan competencias en órganos directivos da Consejería de Economía, Innovación, Ciencia y Empleo (BOJA número 114 do 13 de xuño de 2013);



D. GERMÁN BARRIOS GARCÍA, Presidente do Consejo Económico y Social de Castilla y León, nomeado en virtude de Acordo 40/2013 do 6 de xuño, da Junta de Castilla y León (BOCyL nº 108/2013, do 7 de xuño de 2013) a proposta



unánime do Pleno del Consejo Económico y Social de Castilla y León, en nome e representación do CES de Castilla y León en uso das competencias atribuídas polo artigo 13.4 a) da Lei 13/1990, do 28 de novembro, do Consejo Económico y social de Castilla y León (en redacción dada por Lei 4/2013, do 19 de xuño, pola que se modifica a organización e o funcionamento das institucións propias da Comunidade de Castilla y León);

D<sup>a</sup>. MARÍA MERCEDES VAQUERA MOSQUERO, Presidenta do Consejo Económico y Social de Extremadura, nomeada pola Resolución do 10 de xullo de 2013 do Consejero de Economía y Hacienda (DOE nº 137, do 17 de xullo de 2013), dando cumprimento ao Acordo adoptado polo Consejo de Gobierno de la Junta de Extremadura na súa Sesión de 9 de xullo de 2013 e de conformidade có disposto na Lei 3/1991, do 25 de abril, de Creación do Consejo Económico y social de Extremadura;

D<sup>a</sup>. CORINA PORRO MARTÍNEZ, Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, nomeada por Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 29/2016, do 31 de marzo, e en uso das facultades contidas no artigo 16 d) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

## CONSIDERANDO

### Primeiro

Os Consellos Económicos e Sociais, son órganos consultivos en materia socioeconómica e laboral. Nel están representadas as organizacións económicas e sociais máis representativas, que participan, mediante a emisión de ditames e de informes en materias socioeconómicas e laborais.

Os CES son, así, unha plataforma institucional permanente de diálogo entre os axentes económicos e sociais, e de manifestación das súas opinións ante os Gobernos.

## Segundo

Que dende o inicio da súa actividade, estes consellos veñen desenvolvendo unha intensa actividade encamiñada ao establecemento e consolidación de relacións con institucións e organismos, tanto de ámbito nacional como supranacional, ao obxecto de fomentar e consolidar a cultura do diálogo e a concertación social.

No caso do presente Protocolo de colaboración, a singularidade que o caracteriza é o feito de que concirne a institucións que, pertencendo a países diferentes, Portugal e España, posúen, no ámbito propio das funcións que teñen asinadas, afinidades de toda orde que é mester destacar a través da colaboración. Así, comparten a fronteira terrestre, a Liña hispano-lusa, e, polo tanto elementos históricos, culturais, sociais e económicos.

Por iso, estiman oportuno sentar as bases a través deste Protocolo, para a potenciación das relacións institucionais que fagan posible o avance a través da análise e estudo das problemáticas comúns. Con esta necesaria cooperación e acercamento preténdese coadjuvar ao desenvolvemento económico e social dos mesmos.

No marco da política mencionada, coincidindo cos 25 anos da constitución dos Consejos Económicos y Sociales de Portugal, Castilla y León, y Extremadura, e contando coa adhesión do CES de España, e dos de Andalucía e Galicia, territorios tamén pertencentes á Liña fronteiriza hispano-lusa, confírmase a

existencia dunha vontade común de reforzar as respectivas experiencias de diálogo social institucionalizado, a través da colaboración entre estes Consellos.

En virtude do exposto, as partes, recoñecéndose capacidade e competencia suficiente para intervir neste acto, proceden a formalizar o presente Protocolo de Colaboración de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto do Protocolo.**

Constitúe o obxecto do Protocolo sentar as bases da colaboración entre o Conselho Económico e Social de Portugal, o Consejo Económico y Social de España, o Consejo Económico y Social de Andalucía, o Consejo Económico y Social de Castilla y León, o Consejo Económico y social de Extremadura e o Consello Económico e social de Galicia, para promover, conforme as súas respectivas competencias e funcións, vías de relación, participación e cooperación, coas que se reforcen as súas correspondentes experiencias de diálogo social.

### **SEGUNDA.- As modalidades nas que se materializará dita cooperación poderán ser entre as seguintes:**

- Intercambio de información sobre temas ou cuestións relevantes para as institucións.
- Organización de encontros, seminarios e cursos, nos que poidan participar os distintos axentes representantes dos intereses económicos

e sociais de cada parte do presente Protocolo a fin de coñecer a súa posición sobre os mesmos.

- Realización de estudos e informes sobre temas que permitan un coñecemento mutuo da realidade económica e social de ámbolos países.
- Asistencia técnica recíproca para o desenvolvemento das accións no que se materialice o presente Protocolo, mediante a organización de reunións das delegacións pertencentes ás Institucións asinantes, nas que se levará a cabo a programación, o seguimento e a avaliación dos distintos proxectos de cooperación.
- Apoio documental e bibliográfico, así coma intercambio de publicacións.
- Cales queira outras que as partes asinantes estimen, de común acordo, idóneas para o mellor cumprimento dos seus fins institucionais.

### **TERCEIRA.- Programas de actividades.**

En aplicación deste Protocolo de Colaboración, os Consellos asinantes do mesmo establecerán os programas de actividades axeitadas para levar a cabo a cooperación nas diversas modalidades previstas.

### **CUARTA.- Réxime económico.**

O presente Protocolo non comportará obriga económica algunha para as partes asinantes do mesmo.

As modalidades e condicións relativas á organización de eventos serán definidas caso por caso polas institucións, así como, o eventual reparto das responsabilidades respectivas, segundo o que defina a lexislación en vigor en cada un dos países.

#### **QUINTO.- Carácter das iniciativas a desenvolver.**

No marco do presente Protocolo de colaboración poderán desenvolverse entre as institucións asinantes tanto iniciativas de carácter bilateral coma de carácter multilateral, segundo a finalidade que a concreta actuación requira unha ou outra modalidade.

#### **SEXTA.- Posibilidades de cooperación externa.**

Os Consellos Económicos e Sociais asinantes deste Protocolo, de mutuo acordo ou por iniciativa dunha parte con coñecemento e consentimento da outra, poderán contar, para o desenvolvemento das actividades previstas, coa colaboración doutros Organismos, Entidades, Institucións e Empresas, de carácter público ou privado, que estean relacionadas co obxecto dos proxectos e cuxa cooperación técnica ou económica considérese de interese para o maior éxito dos mesmos. Así mesmo, se algunha das partes non desexa participar no desenvolvemento da actividade, non impedirá que dita actividades se leve a cabo.

#### **SÉPTIMA .- Duración.**

O presente protocolo produce efectos dende a data da súa sinatura e vixencia ata o día 31 de decembro de 2016. Dentro dos tres meses anteriores á finalización da súa vixencia, calquera das partes asinantes poderán instar a súa prórroga.

De conformidade con canto antecede, no exercicio das facultades que legalmente corresponden a cada un dos asinantes, subscriben o presente Protocolo no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo CONSELHO ECONÓMICO E  
SOCIAL DE PORTUGAL


D. LUÍS FILIPE PEREIRA

Polo CONSEJO ECONÓMICO Y  
SOCIAL DE ESPAÑA




D. MARCOS PEÑA PINTO

Polo CONSEJO ECONÓMICO Y  
SOCIAL DE ANDALUCÍA



D. ÁNGEL J. GALLEGO MORALES

Polo CONSEJO ECONÓMICO Y  
SOCIAL DE CASTILLA Y LEÓN




D. GERMÁN BARRIOS GARCÍA

Polo CONSEJO ECONÓMICO Y  
SOCIAL DE EXTREMADURA



Dña. MERCEDES VAQUERA MOSQUERO

Polo CONSELLO ECONÓMICO E  
SOCIAL DE GALICIA



Dña. CORINA PORRO MARTÍNEZ

